



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 19 DE XANEIRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00003136H.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00054277D.

Prórroga e revisión IPC do contrato de aluguer do local sito na rúa Empedrado 7 baixo, para a realización das actividades do Centro Sociocultural do barrio de Casas.

Acórdase:

Primeiro.- Prorrogar o contrato de aluguer do local sito na rúa Empedrado 7 baixo, para a realización das actividades do Centro Sociocultural do barrio de Casas, polo prazo de un ano a contar desde o 20 de xaneiro de 2022 ata o 19 de xaneiro de 2023.

Respecto á revisión de prezos, no contrato asinado con data 20 de xaneiro de 2011, na súa cláusula segunda establececese que o importe anual será revisado anualmente conforme as variacións que experimente o índice xeral de prezos ó consumo, polo que propónse a revisión do IPC dende a última data na que se realizou esta (decembro de 2020 ata decembro de 2021). A renda definitiva a partir do 20 de xaneiro de 2022 fixarase unha vez publicado o IPC do mes de decembro de 2021. Para o mes de xaneiro de 2022 satisfarase a renda actual por importe mensual de: 451,77 € mais IVE (546,64 €).

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto plurianual por importe de 6.559,68 €, que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria nº nº 040 33403 2020000 CSC ARRENDAMENTOS EDIFICIOS E OUTRAS CONSTR., dos seguintes exercicios

-2022: 6.213,47 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.

- 2023: 346,21 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Publicado o IPC de decembro de 2021 efectúase de oficio a revisión correspondente con efectos dende o 20 de xaneiro de 2022, dando conta a Xunta de Goberno e a Intervención Municipal.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00045754L.

Aprobación do expediente denominado Alugueiro dunha parcela no barrio de Sar para a xestión do aparcamento na zona, e a súa adxudicación a Asociación Folklórica Colegiata de Sar.

Acórdase:

-Aprobar o expediente denominado "Alugueiro dunha parcela no barrio de Sar para a xestión do aparcamento na zona así como a súa adxudicación a Asociación Folklórica Colegiata de Sar, por un importe de 0,83 euros, IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 0,17 euros.

A duración do contrato será dun ano, a partir da data de sinatura do contrato e prorrogable ata que algunha das partes acorde a súa resolución e durante un máximo de 5 anos.

- Aprobar e comprometer un gasto por importe de 1 euro con cargo á aplicación orzamentaria 060 13300 200000. A renda anual aboarase por ano vencido, e quedando condicionado o crédito de exercicios futuros á súa inclusión nos orzamentos correspondentes.